

O PSdeG de Vilalba reclamará no pleno a anulación do repago de fármacos para doentes crónicos e graves por "inxusto e cruel"

Ante a escalada de manifestacións pro franquistas, que tiveron "como primeiro acto as ignominiosas palabras do alcalde de Baralla", e ante a "tolerancia do PP, que non depura responsabilidades", os socialistas esixirán a condena do franquismo e que o Código Penal tipifique como delito a súa exaltación

O grupo municipal preguntará na sesión plenaria por que e durante canto tempo se efectuou un enganche para subministrar fluxo eléctrico entre unha nave da Xunta e outra dunha empresa privada na que ten intereses declarados o concelleiro Iván Fernández Hermida

O PSdeG de Vilalba reclamará a través dunha moción no pleno convocado para mañá luns a anulación do repago de medicamentos que dispensan as farmacias dos hospitais a persoas con enfermidades moi graves ou crónicas, como cancro, esclerose ou hepatitis, por considerar que se trata dunha medida "inxusta, cruel, insolidaria e de difícil aplicación", ademais de "ineficaz". O voceiro socialista no Concello vilalbés, Eduardo Vidal Baamonde, avanzou hoxe esta iniciativa plenaria ante este "novo castigo" da dereita de Rajoy "ós máis débiles e ós que máis axuda necesitan", aplicando unha medida "ideolóxica que nada ten que ver coa crise, nin co aforro".

Baamonde subliñou que co repago imposto polo Goberno do PP, "unha vez máis, pola porta de atrás", os pacientes que ata o de agora recibían fármacos hospitalarios gratuítos, terán que pagar unha parte do seu custe, "o que agravará máis a situación persoal destas persoas que xa están a sufrir unha enfermidade crónica, grave, mesmo mortal, algo que resulta especialmente cruel". O voceiro destacou así mesmo o "profundo rexeitamento social, e de asociacións e colectivos de doentes, de profesionais sanitarios e consumidores que provoca esta decisión, ata o punto de que a Defensora do Pobo admite que lle preocupa e algunhas comunidades autónomas tamén amosan a súa incompreensión ó respecto".

Deste xeito, o Grupo Municipal Socialista de Vilalba demandará na sesión plenaria o rexeitamento do Concello a este novo repago sanitario, que a Xunta inste ó Goberno central a derogar a resolución que o establece, e que o Executivo autonómico non faga efectiva esta medida na comunidade.

"Ante o franquismo non cabe tibieza algunha"

Así mesmo, na sesión de mañá, o PSdeG esixirá que o pleno manifeste o seu rexeitamento á ditadura franquista, e recoñeza as inxustizas sufridas polos represaliados; e instar ó Goberno de España a que modifique o Código Penal para que quede tipificado como delito a exaltación do franquismo ou calquera manifestación lesiva para a dignidade dos represaliados. A agrupación presenta esta moción ante a "escalada de manifestacións pro franquistas", que tiveron como "primeiro acto as ignominiosas palabras do alcalde de Baralla", quen afirmou que os fusilados durante a Guerra Civil "sería porque o merecían", e ante a "tolerancia do PP, que non depura responsabilidades". De feito, os populares, como lembrou Eduardo Vidal, negáronse no mesmo Concello de Baralla, na Deputación de Lugo e no Parlamento a esixir a dimisión de González Capón, algo que "noutro país democrático do

noso contorno tería ocorrido de forma fulminante, con moitos menos motivos". "Nun tema coma este non cabe tibieza algunha: ou se está coas vítimas ou cos verdugos, posto que todos somos sabedores do que estas ideoloxías extremistas supuxeron para Europa, España e mesmo para Vilalba", indicou.

Solucións para os pensionistas que cobran do estranxeiro

Debido á "grave alarma" que está xerando entre os pensionistas que perciben pagas do estranxeiro as reclamacións que o Ministerio de Facenda lles está a facer de cantidades que poden chegar ós 12.000 e 15.000 euros por declaracións complementarias da renda e sancións, os socialistas de Vilalba reclaman solucións. "Estas persoas están sumidas nun mar de dúbidas, non só pola escasa e pouco clara información que reciben de Facenda e a contradición evidente coas sentenzas xudiciais existentes que determinan que non debían declarar as pensións doutros países, senón polo grave problema que lles supón un desembolso económico desa magnitude, cuns prazos tan curtos e con xuros, nun momento de recesión económica, altos niveis de desemprego e empobrecemento das familias, moitas das cales hoxe dependen, para a súa supervivencia, dos ingresos mensuais destes pensionistas nos seus fogares", explicou o voceiro socialista en Vilalba.

Por todo isto, o grupo municipal defenderán no pleno unha moción na que piden que se regularice a situación dos pensionistas sen consideralos defraudadores fiscais, ofrecendo información pormenorizada e homoxénea das súas obrigas fiscais; habilitar, para o caso de que teñan que afrontar pagos polas súas declaracións complementarias, períodos de pagamento máis longos que os estipulados, en aras de evitar un quebranto económico nas unidades familiares dos pensionistas; e eximir do pago de sancións e xuros de demora a aqueles que regularicen a súa situación fiscal.

O soldo do alcalde

Noutra moción, os socialistas reclamarán que o alcalde asuma como salario polo desempeño das súas funcións o mesmo que lle correspondería polo seu posto de funcionario na xefatura de área de servizos veterinarios oficiais da Xunta, incluído a percepción das pagas extra. A agrupación fai esta petición despois de que o PP votara en contra de solicitarlle ó rexedor que renunciara a súa extra de Nadal, tras a supresión desta retribución ós funcionarios polo Goberno de Rajoy, "unha medida sen precedentes na historia de democracia española".

Enganche eléctrico

O PSdeG preguntará por que e durante canto tempo se efectuou un enganche para subministrar fluxo eléctrico entre unha nave da Xunta, usada por efectivos da Consellería de Medio Rural, e unha dunha empresa privada contigua, FORMA-T 2011 SL, na que ten intereses declarados o concelleiro de Desenvolvemento Local, Iván Fernández Hermida, unha cuestión que xa denunciaron recentemente os socialistas, que tamén instarán ó edil a aclarar cales son os intereses que ten en dita firma privada.

Interesaranse ademais por que motivo se retrasa a aprobación do PXOM, cando o alcalde lle dixo ó pleno que estaría lista antes de rematar o verán, e polas razóns da "contrariedade e discrepancia" que ten manifestado a comunidade educativa do CEIP A. Insua Bermúdez sobre as decisións tomadas polo concelleiro de Infraestruturas en relación coa instalación eléctrica e limpeza do centro.



Nota de prensa



O PSdeG solicitará por outra banda que o Concello sinalice correctamente as bandas rugosas colocadas sobre a estrada no barrio de Trastoy, na parroquia de Santaballa, e que coloque ditas bandas á entrada e saída do núcleo de Auga Río, en San Simón.

Partido dos
Socialistas
de Galicia
LUGO

Lugo, 29 de setembro de 2013